

BASES PARA REGULAR A PARTICIPACIÓN NO CAMPAMENTO H2O DO CIPAX (CENTRO DE INFORMACION E PARTICIPACIÓN XUVENIL) DO CONCELLO DE CULLEREDO 2019

1.- Obxecto

O servizo de xuventude pretende regular coas presentes bases a participación nos campamentos de H2O do cipax (centro de información e participación xuvenil) do Concello de Culleredo, que se celebrarán do 1 a 12 de xullo de 2019.

2.- Participantes

Pódense inscribir todos os mozos e mozas que, na data do 1 de xullo de 2019, teñan unha idade comprendida entre os 14 e os 18 anos. O total de prazas ofertadas será de 24. Terán prioridade na adxudicación de prazas os/as nenos/as empadroados no Concello de Culleredo.

3.- Pre-inscrición

O período de **pre-inscrición de solicitudes será desde ás 8:00h do mércores 5 até o 14 de xuño as 00:00h do 2019**. As solicitudes de pre-incricións realizaranse mediante a presentación dunha folia específica a tal efecto a través:

- dos rexistros municipais:
 - Edificio de Servizos Múltiples, Rúa Ramón Cabanillas, 14 OBurgo- Culleredo
 - Casa do Concello Rúa do Concello 12 Tarrío- Culleredo
- Sede electrónica
- Sistema de interconexión de rexistros (SIR)

4.- Adxudicación de prazas.

A adxudicación de prazas realizarase mediante sorteo público, no caso de que as solicitudes excedesen a oferta dispoñible, tendo prioridade @s empadroad@s no Concello de Culleredo. A cada unha das solicitudes debidamente cubertas asignaráselle correlativamente un número, que será o que corresponda o día do sorteo

5.- Inscrición definitiva:

Os que obtiveran praza teñen ata o martes, día 25 de xuño ata as 14:00h, para facer o ingreso bancario na conta da CaixaBank IBAN: ES26.2100.3868.0702.0000.3793

Deberán aportar a seguinte documentación no centro Municipal pablo Picasso:

- Resgado do ingreso no que apareza : “Campamento H2O 2019”
- Fotocopia do carne xove, título o carne de familia numerosa , xustificante de situación de desemprego SP-G (Servizo público de Galiza, oficina de emprego) e informe social cando proceda
- DNI do titor e solicitante
- Cartilla seguridade social no seu caso

6.- Taxas

Tasa xeral		47,00
BONIFICACIÓNS bonificación nas seguintes situacións	Con carné xove	42,30 €
	Familias con carné de familia numerosa	23,50 €
	Unidade familiar 1 persoa desempregada	23,50€
	Tarifas especiais (Informe social)	Gratuito

Se unha persoa das admitidas, non puidera participar no campamento de deportes alternativos 2019, deberao comunicar con anterioridade ao luns 1 de xullo de 2019 e será substituída pola moz@ que, por rigorosa orde conste na lista de agarda. A renuncia á praza do campamento farase mediante solicitude escrita e presentada a través:

- dos rexistros municipais:
 - Edificio de Servizos Múltiples, Rúa Ramón Cabanillas, 14 O Burgo- Culleredo
 - Casa do Concello Rúa do Concello 12 Tarrío- Culleredo
- Sede electrónica
- Sistema de interconexión de rexistros (SIR)

7.- Calendario

Calendario Procedemen to	Do 5 ao 14 xuño	Presentación de pre- inscricions
	17 xuño 2019	Elaboración da lista provisional de solicitudes presentadas e admitidas
	19 xuño 2019	Realización dun SORTEO PÚBLICO (en caso necesario)
	20 xuño 2019	Elaboración da lista definitiva de admitid@s segundo o resultado do sorteo
	Do 21 ata 25 xullo	Pago de taxas
	27 xullo 2019	Xuntaza informativa campamentos 2019
Información e publicación dos listados	CENTRO MUNICIPAL "PABLO PICASSO" Rúa Antonio Machado s/n, O Burgo – Culleredo Tfno.: 981 66 42 04 ou móbil 620008450 www.culleredo.es	

